



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO  
(A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2025**

**ASISTENTES**

**ALCALDESA**

Ana Mª López Fernández

**CONCELLEIROS/AS  
GRUPO P.P**

Alberto Balado Ramonde  
Andrés M. Balado Noal

**GRUPO PSGA-PSOE**

Jonathan I. Miranda Lucas  
Mª José Fraguela López  
Carlos Pernas Fraguela

**GRUPO BNG:**

Carlos Castro Durán

**AUSENTES**

Miguel A. Pérez Fraguela  
Miriam Rodríguez Fernández  
Pablo Fraguela Casás  
Nuria Oliveira Álvarez

**SECRETARIA:**

Alejandra Pardo Vázquez

**INTERVENTORA:**

Ausente

Na Casa do Concello, ás doce horas e vinte minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco, reúnen-se en segunda convocatoria os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana Mª López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.



**ORDE DO DIA:**

**PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: DE 27/11/2025**

**SEGUNDO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA” (POS + 2023)**

**TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2025 ADICIONAL 4.**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 27/11/2025**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 27/11/2025, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

A acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

**SEGUNDO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA” (POS + 2023)**

Visto o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Seguridade cidadá, Medio Ambiente, Mercado e Medio rural de data 22/12/2025 que di:

*O Pleno deste concello, na sesión do día 10 de febreiro de 2023, adoptou entre outros o acordo de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023.*



No apartado de investimentos financieramente sostibles, con cargo á achega provincial de 2022, aprobouse incluír o proxecto “RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA”, redactado por Igor Vergara Otero en febreiro de 2023, con un orzamento de 70.947,09 € Logo de terse aprobado definitivamente o Plan pola Deputación Provincial, terse obtido as autorizacións sectoriais pertinentes, por Resolución da Presidencia da Deputación de 16/06/2023, levantáronse as condicións suspensivas e autorizouse a contratación da obra.

A finais de 2023 iniciouse a licitación, por procedemento aberto simplificado e quedou deserto. Consta no expediente informe do redactor do proxecto no que se explica que consultados varios posibles licitadores os motivos de non terse presentado á licitación, foron entre outros, a subida dos prezos dos materiais de construción que incluía o proxecto.

Durante este ano 2025, encargouse ao redactor un modificado do proxecto, que foi presentado en setembro e enviado a Deputación. En días pasados comunicámonos o informe favorable do mesmo, e requírennos entre outra documentación a aprobación polo órgano municipal competente.

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e Medio Rural por cinco votos a favor dos grupos municipais do PP, BNG e un voto en contra do PsdGa emite o seguinte **DITAME**:

**PRIMEIRO:** Aprobar o Modificado do Proxecto de RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA, redactado polo enxeñeiro Igor Vergara Otero en setembro de 2025, por importe de 92.436,50 € (Noventa e dous mil catrocentos trinta e seis euros con cincuenta céntimos).

**SEGUNDO:** Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2026 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal que supón este modificado.

**TERCEIRO:** Dar conta deste acordo á Deputación Provincial.

Carlos Castro comenta que se debe de intentar facer as obras máis en tempo para que non volvan a acontecer estas cousas.

Jonathan Miranda comenta que xa explicou na comisión informativa que se trataba de un proxecto que quedou deserto no ano 2023, e que viñan reclamando que se retomara o tema



en moitos plenos. Pregunta cómo van a habilitar a partida dos 21.000 euros. E que nunca van a votar en contra de investimentos para Cariño.

O Pleno corporativo por catro votos a favor dos grupos municipais do PP e BNG, e tres abstencións do PsdGa **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o Modificado do Proxecto de RENOVACION DE PAVIMENTOS NAS RUAS RIO MIÑO, RIO SOR E SANCHOLA, redactado polo enxeñeiro Igor Vergara Otero en setembro de 2025, por importe de 92.436,50 € (Noventa e dous mil catrocentos trinta e seis euros con cincuenta céntimos).

**SEGUNDO:** Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2026 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal que supón este modificado.

**TERCEIRO:** Dar conta deste acordo á Deputación Provincial.

**TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2025 ADICIONAL 4.**

Visto o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Seguridade cidadá, Medio Ambiente, Mercado e Medio rural de data 22/12/2025 que di:

*Vista a convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 4/2025.*

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e Medio Rural por unanimidade dos seus membros emite o seguinte **DITAME:**

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:



DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable )		
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE VARREDORA ASPIRANTE PARA LIMPEZA URBANA	98.736,00 €				98.736,00 €
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTOS NOS PARQUES DO COLEXIO E DO COBERTIZO	18.198,40 €				18.198,40 €
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE	14.538,15 €				14.538,15 €



**CONCELLO  
DE CARIÑO**

*Cabo Ortegal*  
XEOPARQUE



EQUIPAMENTOS NOS PARQUES DA BIBLIOTECA E DO PASEO					
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE VALOS METÁLICOS DE ACEIRO GALVANIZADO	4.683,79 €				4.683,79 €
<b>TOTAL</b>	136.156,34 €				136.156,34 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que



se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable )		
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE VARREDORA ASPIRANTE PARA LIMPEZA URBANA	98.736,00 €				98.736,00 €
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO	18.198,40 €				18.198,40 €



**CONCELLO  
DE CARIÑO**

*Cabo Ortegal*  
XEOPARQUE



DE EQUIPAMENTOS NOS PARQUES DO COLEXIO E DO COBERTIZO					
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTOS NOS PARQUES DA BIBLIOTECA E DO PASEO	14.538,15 €				14.538,15 €
PREGO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE VALOS METÁLICOS DE ACEIRO GALVANIZADO	4.683,79 €				4.683,79 €
<b>TOTAL</b>	<b>136.156,34 €</b>				<b>136.156,34 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos.

A Alcaldesa  
Asdo.- Ana Mª Fernández López

A Secretaria  
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE